

A natureza do románico galego

O Sorriso de Daniel, Rede do Patrimonio



Igrexa de San Pedro Fiz do Hospital do Incio · Sole Felloza

Dicía Cunqueiro que en Galiza o románico pertence ao aire que respiramos e que é unha das nosas paisaxes naturais. Se nos autorizan a chiscadela, diremos que os máis de oitocentos edificios románicos que conservamos forman un *endemismo* artístico que enraizou e se estendeu pola nosa terra.

Non faremos pesadas descrições sobre arcos, deambulatorios, canzorros ou tímpanos, pero é preciso facer algo de historia para saber de que falamos cando falamos de románico galego. O románico chegounos polos camiños de peregrinación, e a gran renovación entre o primeiro románico -o de Mondoñedo, Vilanova, Toques ou Rebordáns- e o románico pleno estendeuse a partir da construción da Catedral de Santiago.

Cando falamos de románico galego falamos sobre todo de arquitectura e escultura. Hai tamén pintura, esmaltes, ourivaría, pero a meirande parte do conservado correspóndese con parroquiais e mosteiros. Quen traballaban a pedra reproduciron o que viran facer no obradoiro compostelán ou nas catedrais de Lugo ou Tui. Se queren datar canto fósil atopen, para o románico galego, en caso de dúbida, digan século XII. As máis das veces acertarán.

Para amantes da xeoloxía e a petroloxía é preciso destacar que o noso románico é maioritariamente de granito, unha pedra que pola dificultade no tallado impón un xeito propio fronte ao doutros territorios. Apunten tamén que temos edificios como o de San Pedro Fiz do Incio feito no chamado "mármore azul". Hai tamén igrexas erguidas en "ollo de sapo", tal é o caso de San Paio de Abeleda, ou en "pedra cabaleira", que podemos atopar no val de Quiroga.

Visitando as nosas igrexas románicas, amantes da fauna silvestre non pasarán fame, porque a miúdo atoparán xabarís, lobos, lebres, aguias, serpes e tartarugas... Quen esquecería a raposa detrás das galiñas esculpida en Serantes? Ou a serpe perseguindo peixes en Nogueira de Miño? E onde se viron mazaricos como os da xanela de Santa María de Castelo?

Para amantes da fauna exótica anda o noso románico fartureto de pelicanos, macacos ou leóns, e tamén se viu algún elefante no Serengueti do románico galego. Se son de fauna doméstica non lles han faltar cans, gatos, bois e vacas, años e castróns.

Para amantes da botánica, o románico é un herbario feito en pedra. Hai fartura de rosáceas ou follas de todos os tipos. Nos capiteis podemos atopar froitos moi variados como as piñas de San Fiz de Cangas. E cando San Roberto e San Bernardo promoveron a reforma do Císter, as igrexas floreceron coma campos en primavera porque a prohibición de decorar con escenas bíblicas e con bestiarios fantásticos como sereas, grifóns, basiliscos, centauros e harpías, levou a cantaría a refuxiarse na natureza para adornar os edificios.

Para saber como convive o románico hoxe coa natureza vaian a Pesqueiras ver a colonia de morcegos que habita aquela igrexa das monxas desterradas.

Tamén temos especies ameazadas polo desleixo ou o envellecemento. Algúns parques eólicos inclúen románico nas poligonais. Se ninguén o impide, a rentes de moitas igrexas pasarán liñas de evacuación e as máis delas terán aeroxeradores ao fondo. En relación ao proxecto da celulosa de Altri e Greenalia para a Ulloa, só diremos que a Ulloa é un territorio moi rico en románico. Os tres concellos -Monterroso, Antas e Palas- reúnen máis de sesenta igrexas románicas.

Na cerna deste país está o románico e hai que defendelo!



San Paio de Abeleda · Sole Felloza